

Acta - resume do pleno infantil celebrado o pasado 20 de Novembro de 2023:

Propostas para mellorar a Protección a Infancia e Adolescencia de Tomiño

Reunión no auditorio de Goián ás 11h da mañá do día 20 de novembro do 2023, coa presidencia da alcaldesa Sandra González e as voceiras e voceiros que se relacionan:

- CEIP Pintor Antonio Fernández: **Marta e Anxo**
- CEIP de Barrantes: **Yaiza, Lois e Zaira**
- CEP Pedro Caselles Beltrán: **Mara e Xavi**
- CEIP de Sobrada: **Gabriel e Abigail.**
- CEIP de Tebra: **Lara e Hugo.**
- IES Antón Alonso Ríos: **Carmen, Chiara e Sabela.**

Unha vez verificado o quórum e a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, da que se estende a presente acta resume.

1. Benvida de Sandra González as e os representantes da infancia e adolescencia do concello.

A alcaldesa saúda as nenas, nenos e adolescentes presentes no salón, ao profesorado e as concelleiras e concelleiros presentes na sala.

Aproveita para animar as nenas e nenos presentes na sala para que se sumen ao grupo de participación Voces Novas, explicando brevemente o traballo realizado ata o de agora.

2_ Lectura dos temas a tratar

- CEIP Pintor Antonio Fernández
- CEIP de Barrantes
- CEP Pedro Caselles Beltrán
- CEIP de Sobrada
- CEIP de Tebra
- IES Antón Alonso Ríos

- **3_ Lectura e aprobación se procede, da “toma en consideración” de cada unha das propostas realizadas**

- **Interveñen Marta e Anxo** (CEIP Pintor Antonio Fernández)

PROTEXÉRMONOS

Tristes guerras
se non é amor a empresa.

Tristes, tristes.

Tristes armas
se non son as palabras

. Tristes, tristes.

Tristes homes
se non morren de amores.

Tristes, tristes.

Con este poema de Miguel Hernández, poeta vítima dunha guerra, a nosa Guerra Civil, dámosvos a benvida á nosa vila, ao noso cole, o CEIP Pintor Antonio Fernández.

Un de cada seis nenos e nenas de todo o mundo vive nunha zona contaminada por armas e, no ano 2022, eran 230 millóns de nenos e nenas coma nós os que vivían nunha zona de alto conflito bélico. Pois, como ben sabemos, hoxe en día estanse a suceder diferentes guerras que priman a violencia fronte ao diálogo, as flores son substituídas por armas e hai moita xente pasando por verdadeiros infernos.

Por desgraza, sabemos de guerras que azoutan fermosas terras e xentes, onde os canóns, os mísís e o medo son tanxibles como na guerra en Ucraína, na guerra en Gaza, involucrando a moitas persoas, entre eles, nenos e nenas (coma nós) que están desprotexidas e teñen que abandonar os xoguetes para empuñar unha pistola (que non é de xoguete). Onde a rapazada deixa de voar nos seus soños para escoitar voar polo aire as súas vidas esfumándose o seu dereito á protección, a estar coa súa familia, a xogar, a ir ao cole, a vivir en paz.

Non podemos quedarnos na superficie. Existen moitos tipos de guerra que empregan armas que non se poden ver nin tocar. Por iso temos que protexernos, as persoas adultas tedes que protexernos ante os malos tratos, os prexuízos, os insultos cargados de odio, o rexeitamento por pensar diferente, por falar diferente, por querer a quen nos peta ou os abusos de calquera tipo; tedes que coidarnos da incompreensión e do baleiro social; non podeades facer oídos xordos a quen pide axuda a berros. Pedimos protección para os nenos e nenas que, por motivos de forza maior, son separados das súas familias. Debedes evitar a explotación laboral infantil así como o recrutamento de nenos e nenas para loitar e tinguir de sangue os seus soños.

Pedimos que se vaia máis alá. Debemos reflexionar sobre estes aspectos que como cidadáns e cidadás deste mundo temos que defender e, o máis importante: temos que actuar pensando no benestar absoluto das persoas, maiores e nós.

Preguntádevos: a búsqueda deste benestar é allea a nós? A resposta é ben sinxela: NON.

Debemos ser quen de loitar polo amor e unha vida pacífica (ás veces os adultos se esquecen). Temos que alzar as nosas voces e esixir que se rexeite calquera tipo de opresión ou feito que

atente contra os nosos dereitos como nenos e nenas. Que non se atente contra a nosa integridade, que vivamos, comamos, xoguemos, vaíamos á escola en paz, sen medo.

Dende aquí pedimos ás autoridades que teñan as nosas palabras e reflexións en conta, formamos parte da sociedade. Vós tamén tivéstedes 10 anos. Lembrade.

Nenos, nenas, adultas, adultos temos algo que aportar. O noso gran de area porque o coidado dos nenos e nenas do presente supón o coidado e o respecto dos nenos e nenas do futuro.

PROTÉXEME, RESPÉCTAME E XUNTOS MEDRAREMOS

- **Interveñen Yaiza, Lois e Zaira (CEIP de Barrantes)**

Bos días señora Alcaldesa, membros da corporación municipal e demais asistentes. Somos os alumnos do CEIP Plurilingüe Mestre Ramiro Sabell e representamos aos nosos compañeiros de 6º de primaria e imos falar sobre propostas para a mellora da infancia e da adolescencia. Partindo da idea de que os nenos e as nenas somos o futuro da sociedade, débese ter en conta que o noso benestar é fundamental para que o mundo teña éxito. Polo tanto, temos dereito a medrar nunha contorna segura, recibir coidados axeitados, ser respectados e termos a oportunidade de desarrollarnos plenamente. Por todo o que acaba de expoñer a miña compañeira, convén recordar que a Organización das Nacións Unidas (ONU) dentro da declaración dos dereitos da nena e do neno, di que gozaremos dunha protección especial, que dispoñamos de oportunidades e servizos para poder desarrollarnos de maneira integral en liberdade e dignidade sempre baixo o paraugas protector da lei. Para lograr a protección á infancia é preciso vivir que non teñamos ningún tipo de violencia, e si se dera o caso poder acudir a un adulto de confianza pedindo axuda ou se fora preciso saber contactar coas autoridades adecuadas. Consideramos que Pontearreas é un lugar seguro; mais á nosa alcaldesa propómoslle a realización de talleres lúdicos para a infancia e a adolescencia, que nos fagan sentir máis seguros e que nos aporten ferramentas por se tiveramos que actuar ante un caso de violencia. Ademais ofrecer aos colexios pautas e estratexias a través de actos, charlas informativas, eventos... coa finalidade de prever e dado o caso frear o bullying.

- **Interveñen Mara e Xavi (CEP Pedro Caselles Beltrán)**

1: Bos días Auditorio, un ano máis os nenos e nenas do CEP Pedro Caselles Beltrán están aquí para celebrar o Día da Infancia con vós. Nós somos Mara e Xavi de 3º de Educación Primaria. 2: Hoxe convidástesnos aquí para falar sobre algúns dos Dereitos da Infancia. 1: Como somos uns nenos e nenas moi aplicadiños, fixemos as tarefas. 2: Benquerida Alcaldesa, Conselleiras e Conselleiros, un ano máis collan papel e lapis que arrancam. 1: Foron uns días de traballo e investigación nas aulas e... aquí están as nosas reflexións: 2: É necesario concienciarnos de que non só nos países en vías de desenvolvemento non se cumpren os dereitos dos nenos, aquí en Tomiño atopámonos con nenos e nenas que viven en situacións de exclusión social vulnerando o dereito á protección. 1: O dereito á protección é sentirnos seguros, queridos, poder escoller sobre o noso futuro e non sufrir ningún tipo de violencia. 2: abes cales son os tipos de violencia que podemos sufrir? 1: Sí, violencia física (cando te pegan ou agreden), violencia psicolóxica (cando te insultan, se meten contigo pola túa forma de ser, te intimidan...). E como podemos axudar a alguén que este sufrindo algún tipo de violencia? 2: Pois o primeiro que debemos facer é escoitalo e buscar a un adulto de confianza (pais, mestres...) e explicarlle o que sucede. Seguidamente acudiríamos á garda civil e á policía. E Tomiño é un sitio seguro? 1: Pois... Malia que Tomiño é un Concello pequeno e non hai moita delincuencia, hai algúns lugares nos que non nos sentimos moi seguros: - Por exemplo, no Parque da Carballa non hai unha barreira que o peche. - Hai

zonas para aparcas os coches que non están ben iluminadas. 2: Por iso, hoxe estamos aquí para comentarvos as nosas propostas: - A rúa que vai desde o centro de Tomiño ata a Pedra, debería ter beirarrúas e estar mellor iluminadas. - Sería conveniente arranxar o mobiliario que esta roto e deteriorado polo tempo. - Crear un paso de peóns na rotonda do Alivio ao lado do Campo de fútbol. 1: E por último que os lugares esten ben iluminados e limpos, sen lixo polo chan. 2: Moitas grazas pola vosa atención e para marchar farémolo cun poema que elaboramos con moito agarimo: Hoxe é o Día da Infancia e vimos recitar uns versos que esta mensaxe desde Tomiño resoe en todo o universo. Temos dereito a sorrir, temos dereito a xogar, entre libros e xoguetes queremos soñar. Crecer nun lar de igualdade é un dereito inescusable. Apertas e aloumiños nunca sobran, que non falten! Médicas, e bombeiros, ou calquera outra profesión. Un futuro en igualdade. Con dereito á educación. Non esquezas amigo, que non pararemos de loitar. Que a nosa voz pequena. Debe facerse escoitar

- **Interveñen Gabriel e Abigail. (CEIP de Sobrada)**

ABI: Ola, eu son Abigail GABRI: E eu, Gabriel. ABI: Estamos representando ao colexio CEIP de Sobrada de Tomiño. Grazas por convidarnos, fainos ilusión poder participar neste pleno e poder expresar o que pensamos e sentimos. GABRI: Como sabedes, o gran motivo que nos xunta a todos e todas aquí, é a celebración do DÍA DOS DEREITOS DOS NENOS E NENAS, que aínda temos que seguir a defender. E por suposto, non nos imos a calar ante as inxustizas que se cometen con nós. ABI: Non esquezades que somos únicos e irrepitibles, fráxiles e fortes, pequenos pero á vez moi grandes. Vimos cargados de soños e moitas ilusións. SABEDES O QUE SOMOS? nada máis e nada menos: O FUTURO GABRI: Este ano no noso centro estamos a traballar a maleta das culturas e hoxe, tamén queremos viaxar, sí sí: queremos viaxar cara un lugar seguro, no que poidamos participar, que conte a nosa opinión e nos movamos pola contorna confiados. Lembra que non temos nin medios nin as ferramentas para defendernos por nós mesmos, por iso, temos que rodearnos de adultos responsables, que nos valoren e tamén dun concello que nos dé o noso lugar. ABI: Próxima parada GABRI: concello de TOMIÑO. ABI Mmmm (pensando e camiñando) Ah! Pero como en case todas as viaxes precisamos unha equipaxe non sí? Aquí está!!! (abrindo maleta e amosando) De momento está baleira. GABRI E ABI: AXUDÁDESNOS A ESCOLLER O QUE PRECISAMOS? SIIIIII (van collendo pezas de roupa e metendo na maleta). GABRI: Síntome protexido e apoiado cando os profesores no instituto ou mestres no colexio fanme caso ao dicirme que no recreo me insultaron ou me empurraron polo simple feito de non compartir a miña merenda, non xogar ben ao baloncesto ou pasar moito tempo só con nenas, por exemplo. GABRI: Non me sinto protexido cando os mestres e profesores miran cara o outro lado e fan coma se nada pasara ao ver abusos entre compañeiros. Ou mesmo cando permiten que se burlen de nós. ABI: Síntome protexida e apoiada cando me arrodean de adultos responsables e recibo pola súa parte unha alimentación saudable, un teito onde durmir e en boas condicións. ABI: Non me sinto protexida cando os adultos non me fan caso cando lles digo que paso frío, que teño fame e que non conto con roupa limpa para pór ao seguinte día. GABRI: Síntome protexido cando me atopo mal e de seguido me levan ao médico para recibir o mellor tratamento, acompañado de moito agarimo. GABRI: Non me sinto protexido cando pasan os días e sigo cunha dor cada vez máis intensa que remata nun ingreso por non atendela a tempo. ABI: Síntome protexida cando me levan á escola a aprender e a pasalo ben co resto dos nenos/as e que, aínda que teñamos características diferentes, todos e todas contamos e nos tratan por igual. ABI: Non me sinto protexida cando me separan dos meus compañeiros polo simple feito por ter outras características diferentes ás miñas, ou me falan de distinta forma. GABRI: Síntome máis protexido cando recibo apoio e seguimento de profesionais especializados no caso de recibir violencia (de calquera tipo) por parte de

persoas que non respectan a miña dignidade. GABRI: Non me sinto protexido cando a miña contorna sabe que fun vítima de violencia e non me axuda a pasar o trauma, non me calma os meus pesadelos ou as miñas ganas de suicidarme. ABI: Síntome protexida cando imos a un concerto, unha festa ou mesmo un encontro deportivo e hai policía vixiando. ABI: Non me sinto protexida cando imos a eventos con moita xente ou a espazos pechados e non vemos control de ningún tipo. GABRI: Síntome protexido cando as batidas de cazadores se realizan fóra das aldeas onde vivimos, en lugares sinalizados, permitidos e baixo vixilancia. GABRI: Non me sinto protexido cando escoito tiros dunha escopeta preto da miña casa por parte dos cazadores da contorna. ABI: Sinto que participo cando no meu cole teño a man, un buzón no que poden escribir cousas que me pasan porque non me atrevo a dicilas en persoa e non sei como solucionarlas ou que me poñen triste, por exemplo ABI: Sinto que non participo cando non existen buzóns, nin aulas de convivencia, nin momentos, nin titorías, nin asembleas (como cando iamós en infantil) que reollan os nosos sentimentos ou as cousas que nos acontecen e tantas preocupacións nos dan. GABRI: Sinto que participo cando o concello propón actividades, talleres e charlas de temas do meu interese: de ciberseguridade, de temas relacionados coa violencia de xénero, do valor da diversidade, das relacións afectivo-sexuais, das drogas. GABRI: Sinto que non participo cando non hai ningunha proposta con temas relativos aos adolescentes que me axuden a ter información e me formen para poder medrar e ter un mellor desenvolvemento persoal. Ou tamén cando non hai charlas para as nosas familias e así, nos intenten entender polo que estamos a pasar. ABI: Síntome que participo cando teño alternativas onde elixir e atopo dentro do meu concello espazos sans propios de adolescentes. ABI: Síntome que non participo cando elixen por min sen coñecerme, cando non me preguntan o que me gusta e non contan comigo. GABRI: Grazas a esta equipaxe xa non teremos frío en Tomiño, nin nos sentiremos sós e estaremos listos para afrontar mellor os problemas e vivir como nos pertence por dereito, COMO NENOS E NENAS FELICES. Lembra, somos mercadoría sensible, fráxil, polo tanto COIDADENOS. GABRI E ABI Moitas grazas por escoitarnos.

- **Interveñen Lara e Hugo.** (CEIP de Tebra)

Propostas de mellora:

1. Facer un camiño escolar seguro para vir andando ao colexio.
2. Que no centro de saúde haxa máis médicos para ter unha sanidade de calidade.
3. Limpar e arranxar o campo de fútbol de Tebra.
4. Arranxar as chapas do parque de skate e que haxa máis control policial porque hai adolescentes que molestan aos nenos e nenas que estamos alí e deitan lixo e non coidan as instalacións.
5. Que poñan máis pasos de peóns preto do colexio de Tebra.
6. Revisar e arranxar as marquesinas das paradas de autobús.
7. Que poñan máis parques en Tebra para todas as idades.
8. Que colguen máis alumeado nos camiños de Tebra.
9. Revisar e arranxar o pavillón do colexio e os charcos que se producen cando chove na entrada do colexio.

- **Interveñen Carmen, Chiara e Sabela** (IES Antón Alonso Ríos)

Bo día, somos Carmen, Chiara e Sabela. Estudamos no IES Antón Alonso Ríos. Formamos parte de Voces Novas, o grupo de participación infantil e adolescente do concello de Tomiño.

Aproveitamos este momento para convidar a todas as nenas e nenos aquí presentes a unirse a este grupo no que, ao longo de todo o ano, colaboramos co goberno local para seguir creando un Tomiño máis amigable coa Infancia e a adolescencia.

Tedes o link para inscribivros na páxina web do concello.

Foi nas reunións deste grupo onde falamos sobre o tema da protección, se nos sentimos seguras vivindo aquí, cales son os tipos de violencia, desprotección e negligencia as que estamos expostas as persoas menores de idade.

Foron varias as conclusións as que chegamos:

- Pensamos que en xeral, Tomiño é un lugar seguro para vivir aínda que precisa algunhas melloras.
- Un dos grandes temas onde nos sentimos máis vulnerables ten que ver coa seguridade vial. E por outro lado, coas persoas conflictivas que viven en Tomiño. Pero sabemos que este tema non é doado de solucionar.
- E por último tamén caemos na conta de que para saber se nós ou algunha compañeira e ou compañeiro está a sufrir algún tipo de violencia, desprotección ou negligencia, é preciso tratar estes temas abertamente coa Infancia e adolescencia. Para ser conscientes e poder actuar é preciso ter coñecementos ao respecto.

Polo tanto, as propostas que vos traemos son as seguintes.

- Temos, por un lado, unha listiña de propostas que recolleemos entre o alumnado do IES e de espazos que precisan de máis iluminación, pero esa non a imos a detallar. Pasámosvola ao rematar.
- Traemosvos Campañas de seguridade vial.
- A Creación de puntos seguros para a infancia.
- Máis educación en protección para as familias.

Pasamos a explicar en qué consiste unha por unha.

Seguridade vial:

- Tal e como deseñamos a campaña de seguridade vial en colaboración co cole de Goián. Para quen non sabedes, vai-se a levar a cabo, en canto o tempo o permita, unha acción sobre seguridade vial en Goian, grazas a unha petición que un veciño fixo en “o concello escoita”. Ben, pois nós pensamos que esta campaña habería que extendela ao resto de parroquias, xa que a velocidade a que circulan os coches é un perigo en calquera sitio no que vivas. Podería ser incluso unha proposta que facer a través do resto dos coles tamén, se queren colaborar.

Puntos seguros:

- A nosa segunda proposta, os puntos seguros, consistiría en buscar algúns negocios locais aos que calquera menor con algún problema, por exemplo, que teña necesidade de ir ao baño, precise contactar cos pais, se sinta inseguro porque percibe que o están a seguir ou porque caeu e se feriu. É dicir, calquera suceso polo que precise axuda adulta. Que saiba que poder acudir a aqueles negocios que teñan unha insígnia (que habería que crear) e que os identifique como puntos seguros.

Pensamos que non calquera negocio pode ser un punto seguro, por exemplo os bares, para alonxar ao menor de persoas que teñan consumido alcohol. Ademais o persoal que alí traballe debería ter formación sobre protección. UNICEF facilita cursos online de balde ao longo de todo o ano sobre dereitos de infancia, protección etc.

Estivemos investigando e sabemos que hai un par deles que encaixan xa de entrada, son: a tenda de xoguetes limón y fresa, Orientalia, Canguriños, por exemplo. E pensamos que no mercado tamén pode haber xente competente para este posto. A idea sería poder ampliar estes puntos, se funcionan, noutras zonas de Tomiño. E conseguir así que toda a poboación se implique na nosa protección.

Educación para familias:

- O último punto ten que ver coa prevención sobre as violencias, negligencias e abusos. Pensamos que moitos pais e nais non están preparados para ese papel, ou ben precisan unha orientación, dende o momento xa do embarazo, para que cando o bebé chegue ao mundo estén o mellor capacitados posible. E ao longo de todo o crecemento e coa chegada a adolescencia que poidan ter as mellores ferramentas e coñecementos. Sería como a semana da educación pero de xeito continuado. Pensamos que contar coa colaboración das asociacións de familiares de alumnos, sería de grande axuda para levar esta proposta adiante.
- E por outra banda, nesta mesma escola, tería que haber un apartado para nós, as persoas afectadas. Pois temos que poder saber recoñecer todas as violencias que podemos sufrir, así como os abusos e descoidos. Se non temos información sobre todo isto, difícilmente imos poder recoñecer cando os estamos a sufrir. E tamén cales son as nosas opcións á hora de pedir axuda, xa que normalmente as primeiras persoas as que recorremos son aos nosos pais, pero se a situación de desprotección se da casa, non sabemos moi ben que temos que facer nin onde pedir axuda.

E xa por último, presentámosvos os nosos compromisos:

- Como integrantes de Voces Novas, comprometémonos a seguir colaborando co concello para identificar situacións de desprotección.
- A escoitar e axudar ao resto de xente nova do concello.
- A seguir achegando á poboación os nosos dereitos.

Agradecemos que nos teñades presentes e nos sigades convidando a participar nos plenos infantís.

4_ Intervención de Xael, Alfredo, Zuriñe e Natalia, integrantes de Voces Novas, para contar a súa experiencia no III Encontro de Consellos de Galicia, celebrado os días 18 e 19 de Novembro no Carballiño onde estiveron abordando a temática da protección á infancia e adolescencia para elaborar as propostas que levarían ao Foro de Participación no Parlamento Galego.

5- Intervenien representantes do PP, Lara Meneses e do PSOE, Mirta Misa.

Agradecen a participación de toda as nenas e nenos de Tomiño e falan sobre a importancia de ser críticas/os, de pensar por un mesmo e de como a educación nos fai libres.

6_ Despedida e agradecementos